

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020258	IES Nº 1	A Estrada	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	2º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	27
4.2. Materiais e recursos didácticos	29
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	32
6. Medidas de atención á diversidade	33
7.1. Concreción dos elementos transversais	34
7.2. Actividades complementarias	35
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	36
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	37
9. Outros apartados	38

## 1. Introducción

Esta programación, en todos os seus aspectos, pero particularmente no referente a contidos mínimos impartidos e esixidos, a temporalizacións e a alternativas de avaliación e cálculo de cualificacións pode sufrir modificacións dependendo en cada caso das circunstancias xerais e mesmo particulares de cada momento e de cada alumno/a ou grupo de alumnado. Como características e recursos relevantes para a nosa programación destacamos:

- O IES Nº 1 da Estrada conta con alumnado procedente da zona rural, maioritariamente galegofalante, procedente dos seguintes centros adscritos: CEIP Plurilingüe de Oca, CEIP do Foxo, CEIP Manuel Villar Paramá (Vea) e CEIP Cabada Vázquez (Codeseda). A el súmase unha porcentaxe baixa de alumnado da vila.

- Nos últimos cursos estase apreciando un descenso, lixeiro pero constante, no uso do galego no alumnado que chega ao centro, en sintonía coa desgaleguización xeralizada das novas xeracións no noso país. Con todo, o alumnado, tamén o instalado habitualmente en castelán, presenta polo xeral un bo dominio do idioma, aínda que moi ligado aos usos informais e orais.

- Crecente diversidade social, cultural e lingüística do alumnado debido á chegada de rapaces e rapazas de fóra de Galicia, mínima en comparación con outros centros de perfil máis urbano. Este alumnado está exento da materia de Lingua Galega e recibe apoio individualizado para favorecer un coñecemento progresivo nas linguas oficiais.

- A maioría do alumnado desprázase diariamente en transporte escolar, feito que condiciona e limita as posibilidades da súa formación: non teñen acceso fácil ás bibliotecas públicas, ao cinema, ao teatro ou a outras actividades culturais que se realizan na vila. Esta circunstancia tamén dificulta poder organizar actividades fóra do horario lectivo. Con todo, unha parte do alumnado participa nas actividades dos Clubs de Lectura, do EDLG, do Teatro, etc., equipos en que colabora activamente o noso Departamento.

As nosas decisións programáticas obedecen ao obxectivo educativo e social de consolidar falantes estendendo a súa competencia aos usos cultos e formais da lingua, tanto na oralidade como na escrita, así como mellorar as súas actitudes, pois os prexuízos lingüísticos seguen presentes en maior ou menor medida. Neste sentido, a materia de Lingua Galega en 2º de ESO recolle as liñas traballadas no curso anterior e marca o percurso dos cursos seguintes da etapa.

Por unha banda, preténdese mellorar a súa eficacia na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe. Tendo en conta que na aprendizaxe das linguas o alumnado ten que acadar uns coñecementos previos antes de continuar aprendendo, os contidos deste nivel non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques.

1.- «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

2.- «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática.

3.- «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado e incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios.

4.- «Reflexión sobre a lingua» pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

En consonancia cos contidos sociolingüísticos do Bloque 1, mais con implicacións directas nos outros, é preciso destacar que se continúa traballando nun achegamento ás linguas peninsulares, nomeadamente do portugués, que se oferta como 2ª Lingua Estranxeira en toda a ESO.

Por outra banda, a escolla das obras de lectura obrigatoria propostas para cada trimestre obedece aos seguintes criterios que se lles aplican ás obras que se len ao longo da etapa:

- A inclusión de obras representativas do noso corpus literario.

- A inclusión de autoras e autores con obra salientable.

- A inclusión de temáticas actualizadas e atractivas para o noso alumnado que promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (igualdade, dereitos humanos, benestar animal, conciencia ambiental...).

-A non repetición de temas.

- A presenza de diferentes xéneros ao longo da etapa.

O programa de lecturas escollidas inclúe, alén de títulos optativos que poidan responder aos diferentes intereses e á bagaxe lectora dos estudantes, estas obras: 'Cartas de inverno' (1ºT), 'O corazón de Xúpiter' (2ºT) e unha antoloxía de textos poéticos e teatrais (3ºT).

Nesta proposta didáctica de 2º de ESO os catro bloques concréntanse en nove unidades didácticas, que parten dun texto literario ou non literario para traballar a comprensión lectora, o coñecemento de léxico, a tipoloxía textual,

aspectos morfosintácticos e ortográficos de repaso ou ampliación e tarefas de expresión escrita e oral. Ademais, en cada unidade trátanse contidos dos catro bloques, mais en cada trimestre irán encamiñados a traballar un tipo de texto ou dcontidos determinados:

- 1º trimestre: comprensión, análise crítica e produción de textos expositivos en diferentes formatos.
- 2º trimestre: achegamento á sociolingüística (conceptos básicos, prexuízos, normalización, linguas peninsulares).
- 3º trimestre: comprensión, análise crítica e produción de textos argumentativos e produtos artísticos orais e escritos en diferentes formatos.

Hai dous grupos de segundo, que se caracterizan pola súa diversidade. Así, temos un alumno que precisa unha Adaptación curricular (TDAH, dislexia), unha persoa con TDAH; unha con TDA; unha con TEA; unha con dislexia; dúas exentas de segundo ano; cinco repetidoras de 1º ESO e dúas repetidoras de 2º ESO. Ademais, hai unha persoa con dificultades de aprendizaxe e outra persoa con dificultades na escrita. Entre as medidas de atención aprobadas consideráronse exención de lingua estranxeira, apoios en aula do persoal de Pedagogía Terapéutica, reforzos e adaptación de materiais e probas.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Filias e fobias	Esta primeira unidade serviranos para avaliar inicialmente o alumnado. A partir da lectura "Nomofobia" ampliarase o coñecemento do campo semántico das TIC e introducirase o concepto da comunicación, da linguaxe verbal e non verbal e as características da lingua oral e escrita. Tamén se afondará na formación das palabras mediante afixos. A respecto dos contidos literarios, analizaranse as diferenzas entre os textos literarios e non literarios. Finalmente, revisarase o uso da acentuación diacrítica e presentaranse as tarefas da lectura e a exposición oral do 1º trimestre.	10	13	X		
2	Somos o que sentimos	O reforzo das técnicas para sintetizar a información (subliñado, esquema e resumo) ocuparán boa parte das sesións da unidade, aplicadas en textos expositivos escritos e orais e na lectura inicial dedicada á saúde emocional. En relación con esta temática, traballarase o léxico dos sentimentos e a personalidade. En relación á reflexión lingüística, traballarase o artigo, os demostrativos e os posesivos (formas, contraccións e usos). Ademais, na sección Literatura, profundarase nas características e elementos do xénero narrativo a través de relatos cultos e populares de suspense, que vincularemos coa celebración do Samaín no centro. O repaso da acentuación de ditongos e hiatos completa a unidade.	10	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Moito máis preto	Introduciremos as secuencias expositivas e os seus trazos principais. Reflexionarán sobre os elementos que debe posuír un texto destas características. Logo producirá unha exposición oral planificada, que gravará. Inspirándonos no proxecto 'As imaxes do patrimonio', da iniciativa Ponte nas Ondas, o alumnado terá que elaborar pequenas presentacións orais a partir dunha fotografía persoal (da familia ou da contorna) e describirá o que nela está, pero tamén a historia que encerra. Así mesmo, repasarase os determinantes numerais e indefinidos, exclamativos e interrogativos. Repasaranse outros casos especiais de acentuación.	10	15	X		
4	Como ves o mundo, é o teu mundo	Este tema vai estar centrado no repaso das linguas peninsulares e na situación sociolingüística do galego. Igualmente, reflexionarase sobre o papel do galego na Lusofonía a través do traballo con textos diversos (orais e escritos). Repasaremos a formación de palabras para afianzar o significado de prefixos e sufixos. Neste tema tamén introduciremos a sintaxe, concretamente a distinción entre frases e oracións. A partir da lectura inicial, "Europa Express", traballaranse os campos semánticos do medio urbano, os transportes e as viaxes. No que se refire á literatura, presentarase o libro de lectura obrigatoria do trimestre, unha obra da narrativa xuvenil actual, que nos permitirá estudar os subxéneros literarios narrativos. En canto á reflexión sobre a lingua, atenderase especialmente aos pronomes persoais e ás relacións semánticas entre palabras: significados denotativo e connotativo.	10	10		X	
5	ODS 2030: o ecolingüismo	A partir da lectura "O último ser humano", abordarase, tamén o texto publicitario. Analizaranse diversas campañas de normalización e dinamización lingüística realizadas para as diferentes linguas minorizadas. Aproveitarase este contexto para elaborar un folleto informativo que inclúa un decálogo ao redor do ecolingüismo. En relación a este enfoque, traballaremos o xénero lírico a través da lectura e análise de textos poéticos da literatura galega, pero non só. Prestaremos especial atención á poesía paisaxística e o alumnado terá que producir un texto poético (formatos: videopoema, caligrama, recitado, collage, etc...) no que	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	ODS 2030: o ecolingüismo	os temas xirarán en torno á paisaxe ou á súa destrución. Os campos semánticos estudados serán os referidos a animais e plantas. A reflexión sobre a lingua centrarase nas relacións semánticas (sinonimia, antonimia, polisemia...) e na clasificación das oracións activas (predicativas e atributivas).	10	10		X	
6	EstradaLab (laboratorio de medios)	Neste tema abordaranse as características dos xéneros xornalísticos de información, tanto escritos como audiovisuais. O alumnado, tomando como modelo os programas de DinamizaEstrada (TV escolar local) e de Radio Estrada, terá que realizar por grupos un programa de radio coas súas diferentes seccións e fases de creación (guión, gravación, difusión...) sobre temas de actualidade. En canto ao léxico, traballarase o léxico do tempo meteorolóxico e da vivenda. Así mesmo, repasaranse as palabras invariables na súa función de elementos cohesivos como conectores textuais.	10	8		X	
7	Ágora	O alumnado, en grupos, realizará un discurso (tipo charla TED) no que terá que dar a coñecer, dende a súa perspectiva persoal, un tema controvertido e de interese xuvenil e social. Haberá unha fase previa de investigación. Logo establecerase un debate co resto do grupo. Así mesmo, traballarase o léxico relacionado coas actividades de lecer e o deporte e repasarase a acentuación ao servizo da cohesión textual.	15	15			X
8	Entre bambalinas	Ao comezo da unidade estudaranse os principais trazos fonéticos e morfolóxicos do bloque e área lingüística da contorna do centro. Incidirase, así mesmo, na riqueza dialectal do galego e no rexeitamento de prexuízos lingüísticos. No que se refire ao bloque relacionado coa comunicación, comezarase a abordaxe e exemplificación, en textos dados, dalgunhas propiedades textuais (adecuación, coherencia, cohesión). Os contidos literarios xirarán arredor do libro de lectura obrigatoria, unha peza teatral. A partir da análise do contido da obra dende unha perspectiva de xénero, estableceranse vínculos entre esta e aspectos da actualidade, así como con outras manifestacións artísticas. Aproveitarase este marco para introducir aspectos teóricos relacionados coa clasificación dos subxéneros dramáticos (comedia, traxedia, drama). En relación á	15	15			X



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Entre bambalinas	reflexión sobre a lingua avanzarase na identificación dalgunhas funcións sintácticas (axente, atributo, predicativo...).	15	15			X
9	Poetízate	Nesta unidade o alumnado terá que escoller un poemario dunha listaxe ampla e con diferentes graos de dificultade. A partir del realizará un traballo de reflexión e síntese sobre os temas principais dos poemas a través da expresión plástica e o recitado. Finalmente, realizaremos unha exposición no centro. Unha selección de textos será comentada en gran grupo para que o alumnado sexa quen de transmitir a súa opinión de maneira argumentada.	10	6			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Filias e fobias	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende o sentido global (información relevante, intencionalidade, significado de palabras no contexto...) dun texto expositivo a través de preguntas guiadas.	PE	75
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Identifica a intención xeral e as características dos textos para discriminar aqueles que son literarios dos non literarios e identifica formalmente os principais xéneros literarios.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado distingue os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, emprega correctamente o acento diacrítico e coñece e incorpora nos seus textos o léxico adquirido na unidade (novas tecnoloxías).		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Escribe con coherencia e corrección sen cometer moitos erros ortográficos e léxicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado identifica nun acto comunicativo (viñeta, conversa ou entrevista gravada) os elementos do feito comunicativo (emisor, receptor...).		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Coñece os principais mecanismos da formación de palabras (prefixos e sufixos) e as súas implicacións semánticas.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante de textos multimodais sinxelos: vídeos expositivos sobre Aquis Querquennis e a nomofobia.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Identifica os elementos propios do acto comunicativo en textos orais e multimodais sinxelos (vídeos) dos que ademais valora a súa forma e contido.		
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	A partir dunha enquisa de autoavaliación sobre o uso que fai das novas tecnoloxías, o alumnado describe e valora brevemente (aspectos positivos e negativos) estes usos..	TI	25
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar o informe dos seus usos das novas tecnoloxías, é que de recoñecer e emendar os erros formais e de contido detectados coa axuda do profesorado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais</li> <li>- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.</li> <li>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Somos o que sentimos	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo (reportaxe en revista dixital) e explica a interacción entre os diferentes códigos.	PE	70
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado, logo de subliñar as ideas principais dun texto, redacta un resumo da información máis salientable e elabora un esquema dos contidos tratados.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Identifica o tema e as ideas principais dun texto narrativo (relato culto e popular) así como os recursos propios do subxénero do suspense e o misterio.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado recoñece e valora algúns recursos expresivos e/ou figuras estilísticas presentes nun poema da obra de lectura obrigatoria do primeiro trimestre.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Sabe aplicar correctamente as regras de acentuación nos encontros vocaálicos: tritongos, ditongos e hiatos. Incorpora nos seus textos o léxico adquirido na unidade (sentimentos e personalidade).		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Identifica e uso correctamente o artigo e os determinantes demostrativos e posesivos e realiza correctamente as contraccións.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende as características dos textos orais de cara a planificar e realizar unha exposición académica dun tema previamente investigado.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha exposición oral dun tema de escolla libre que investigará previamente. Expón con fluidez, nun rexistro axeitado e manexando os recursos non verbais.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente na proposta de construción conxunta (en pequenos grupos) do texto expositivo "Grupo de expertos: o grafeno" con boa actitude e cortesía lingüística.	TI	30
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado participa na recolla de textos populares de suspense e aventura con motivo da celebración do Samaín no centro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.</li> <li>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Moito máis preto	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Comprende a intención do emisor e analiza a relación entre os códigos verbal e non verbal.	PE	70
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelo de tipo expositivo.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Sabe aplicar correctamente as regras de acentuación de casos especiais (estranxeirismos, latinismos, adverbios rematados en -mente, etc.)		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Coñece o paradigma dos determinantes numerais, indefinidos, interrogativos e exclamativos (formas, contracción, valores).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións orais sinxelas obre temas de interese persoal , axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos co rexistro axeitado.	TI	30
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planificar e redactar textos expositivos escritos e multimodais sinxelos con corrección, coherencia e adecuación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.</li> <li>- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses).</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Como ves o mundo, é o teu mundo	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do euskara e do catalán. O alumnado comprende bilingüismo e multilingüismo en contextos de linguas en conflito.	PE	70
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica as características propias dos subxéneros narrativos, especialmente o conto e o microrrelato.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Coñece e incorpora nos seus textos o léxico adquirido na unidade (do medio urbano, os transportes e as viaxes.).		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Identifica oracións simples e frases en enunciados.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Distingue as formas dos pronomes persoais tónicos e átonos, as contraccións e as regras de colocación das formas átonas. Tamén coñece os principais mecanismos da formación de palabras (prefixos e sufixos) e as súas implicacións semánticas.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identifica prexuízos e estereotipos lingüísticos relativos ao galego e outras linguas minorizadas.	TI	30
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Procura, selecciona e comprende o sentido global da información sobre as linguas peninsulares e as linguas minorizadas en diferentes soportes multimedia.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos orais e escritos de tipo expositivo elaborados coa axuda do corrector, detecta problema léxicos e gramaticais, e é capaz de solucionarlos e explicalos cunha metalinguaxe específica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación e valoración da diversidade lingüística da aula.</li> <li>- Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos.</li> <li>- Introducción á reflexión interlingüística.</li> <li>- Aproximación ao coñecemento das características máis básicas das linguas éuscara e catalá.</li> <li>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.</li> <li>- Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	ODS 2030: o ecolingüismo	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece e aplica as nocións básicas relacionadas coa normalización lingüística para poder realizar unha campaña de sensibilización.	PE	65
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado sabe identificar e establecer relacións semánticas entre palabras: sinonimia, antonimia, homonimia e polisemia. Ademais, coñece e incorpora nos seus textos o léxico adquirido na unidade (animais e plantas).		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado sabe clasificar as oracións activas en copulativas (ou atributivas) e predicativas e estas, en persoais e impersoais.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado identifica os fundamentos do ecolingüismo nas situacións de contacto de linguas e valora e respecta a diversidade de todo tipo: lingüística, natural, funcional, etc.	TI	35
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos que se van difundir no espazo público e nas redes.		
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redacta textos escritos e multimodais (décálogo publicitario) correctos, cohesionados e adecuados.		
CA2.8 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado, logo de documentarse sobre o tema tratado, debate en grupo e é quen de acordar un decálogo para unha campaña publicitaria sobre o ecolingüismo que se difundirá en redes.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado coñece as normas de etiqueta dixital e reflicte as que considera máis importantes nun decálogo en formato electrónico que se difundirá na páxina web do centro.		
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Elix e le textos poéticos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos.		
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea un texto poético que fusiona con diferentes linguaxes artísticas (audiovisual, collage, caligrama...) en torno á paisaxe, á denuncia do medio e á defensa da diversidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación e valoración da diversidade lingüística da aula.</li> <li>- Aproximación ás linguas de signos, con especial atención á variante galega.</li> <li>- Introducción á reflexión interlingüística.</li> <li>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar.</li> <li>- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais</li> <li>- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados ao circuío literario e lector.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	EstradaLab (laboratorio de medios)	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado identifica a estrutura e os elementos propios dun boletín informativo e coñece as características formais dos textos que se van incluír na súa publicación (noticias, entrevistas e crónicas).	PE	65
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Identifica os diferentes xéneros xornalísticos de información, mixtos e de opinión: características, finalidade, estilo e formato. Sabe redactar unha noticia a partir dunha información dada de forma esquemática.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Coñece e incorpora nos seus textos o léxico adquirido na unidade (metereoloxía e vivenda).		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto.	TI	35
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Fala de maneira clara asumindo o papel que lle tocou, con fluidez, coherencia, corrección lingüística e manexando os recursos non verbais, neste caso a voz.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado sabe empregar nos textos redactados algúns mecanismos de cohesión (conectores textuais temporais e explicativos); mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos e hiperónimos).		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos, colabora activamente na elaboración dun boletín informativo con boa actitude e respectando as normas de cortesía conversacional.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado planifica e colabora na redacción dun boletín informativo ben estruturado, empregando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e sen erros salientables.		
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado planifica e organiza en grupos a forma e o contido do boletín informativo a través de notas, esquemas, resumos etc.		
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar os textos incluídos no boletín informativo coa axuda do profesorado, é quen de recoñecer e emendar os erros formais e de contido detectados.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Emprega unha linguaxe inclusiva e non discriminatoria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.</li> <li>- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses).</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Ágora	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Identifica o tema, as ideas principais e secundarias e a intención comunicativa de textos argumentativos	PE	65
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redacta un breve texto argumentativo no que defende e razoa unha postura sobre un tema exposto nun texto dado.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Coñece e incorpora nos seus textos orais o léxico adquirido na unidade (actividades de lecer e o deporte).		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Identifica e comprende as estratexias semánticas e discursivas propias da linguaxe connotativa: o tabú e o eufemismo.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Sabe empregar correctamente e detectar erros relativos ao emprego dos signos de puntuación (interrogación e exclamación, dous puntos, punto e coma, guión, aspas, parénteses, etc.).		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Comprende o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos orais de tipo argumentativo.	TI	35
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais expresados con fluidez, nun rexistro axeitado e manexando os recursos non verbais.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral argumentativo formal para producir un discurso oral e intervir nun coloquio respectando as regras de interacción.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Participa en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Consulta e selecciona, coa axuda do profesorado, a información pertinente para desenvolver o seu discurso oral, sen copiala textualmente, respectando os dereitos de propiedade intelectual.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar os traballos incluídos no proxecto coa axuda do profesorado, é capaz de recoñecer e emendar os erros formais e de contido detectados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.</li> <li>- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.</li> <li>- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses).</li> <li>- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Lectura con perspectiva de xénero.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Entre bambalinas	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado reconece os principais trazos fonéticos e morfolóxicos do bloque e área lingüística na que se insire a súa contorna e valora estes fenómenos como mostra da riqueza dialectal do galego.	PE	70
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado sabe detectar, a través de textos dados, as principais propiedades dun texto: coherencia, cohesión e adecuación.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analiza a forma e o contido da obra teatral de lectura obrigatoria do 3º trimestre dende unha perspectiva de xénero e valora os procedementos comunicativos empregados.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica as características básicas dalgúns subxéneros do xénero dramático (traxedia, comedia, drama, obra didáctica...)		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado é quen de identificar, en oracións simples, as funcións de complemento axente, atributo e complemento predicativo.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Coñece e incorpora nos seus textos o léxico adquirido na unidade (léxico das artes).		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado, logo de representar, en grupos, unha escena representativa da peza teatral de lectura obrigatoria, establece vínculos entre esta e aspectos da actualidade (igualdade de xénero, micromachismos, linguaxe discriminatoria etc.).		
CA3.3 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	En grupo, prepara un breve texto teatral ou diálogo representado sobre temas sociais logo de buscar información sobre eles e guionizalos.	TI	30
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	Presenta un guión sobre a investigación realizada sobre temas sociais que serviron de base para os textos teatrais ou diálogos representados na aula.		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado relaciona e compara a obra teatral de lectura obrigatoria con outros textos e con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes (cine, música, banda deseñada...).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Introducción á reflexión interlingüística.</li> <li>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar.</li> <li>- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.</li> <li>- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> </ul>



## Contidos

- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
9	Poetízate	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor dun poemarios.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Diferencia forma e contido nos textos poéticos: intencionalidade, voces, recursos estilísticos, forma.	PE	50
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado identifica en textos poéticos os mecanismos inherentes á linguaxe figurada, que sabe diferenciar da linguaxe denotativa, a partir da consulta de dicionarios xerais e fraseolóxicos..		
CA3.3 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Comprende unha crítica literaria a respecto dunha obra.	TI	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Comparte a experiencia da lectura en soportes diversos a través da creación dun videopoema e do recitado..		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Argumenta a súa opinión sobre un poemario.		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Recoñece os principais temas dun poemario e opina argumentadamente sobre eles.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Utiliza dicionarios e manuais de consulta para enriquecer o seu traballo cun léxico máis variado e preciso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados ao circuío literario e lector.</li> <li>- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.</li> <li>- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.</li> <li>- Lectura con perspectiva de xénero.</li> </ul>

## Contidos

- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Partirase en cada unidade da preceptiva explicación do profesor/a de todos aqueles termos e conceptos necesarios para a correcta interpretación e aprendizaxe dos contidos teóricos, así como para a adecuada realización de todos os supostos prácticos que se realicen para asentar adecuadamente os devanditos conceptos teóricos.

Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co/coa docente. É moi relevante para o profesor/a a premisa de ensinar a aprender, segundo a cal a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida, por iso, correspóndelle á/ao docente ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse.

#### LIÑAS METODOLÓXICAS:

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. Por tanto, analizaranse e comentaranse todos os contidos lingüísticos teóricos que permitan mellorar na práctica a devandita competencia, e realizaranse actividades encamiñadas a conseguir uns contidos que teñan relación e influencia directa no uso progresivamente consciente e coidado da lingua.

Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, a metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible, para mellorar os vínculos entre o alumnado e mesmo que favoreza as relacións interculturais, por suposto incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Tratarase na, medida do posible, de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado de cada grupo vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade en contextos formais, cunha progresiva eliminación de interferencias lingüísticas e da conversión de usos coloquiais en usos máis coidados dada a tendencia a considerar a lingua galega subalterna da lingua predominante no espazo social.

#### LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

-Uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.

-Realización de tarefas complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.

-Deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

-Traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

-Atención á diversidade, con atención individualizada dentro das posibilidades do grupo, na prevención das dificultades de aprendizaxe, con tarefas de ampliación para aquel alumnado que precise afondar máis nos contidos.

-Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.

-Desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que

propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

-Potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa. Buscamos a intercomunicación nos dous idiomas con actividades que favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional da mocidade galega. Con este fin, os centros educativos, a través do profesorado de Lingua Galega, o equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos así como a través de programas internacionais, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono (encontros, concursos, festivais...).

-Traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

-Proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, benestar animal...).

-Énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquiera os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están o cinema, as dramatizacións e representacións teatrais, a radio coas súas múltiples posibilidades (informativos, publicidade, teatro radiofónico...), a música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual.

-Cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos etc.

-Desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

- As linguas son instrumentos de comunicación social, de conservación e transmisión do coñecemento, de participación cidadá, investigación etc., polo que a competencia comunicativa constitúe un pilar no desenvolvemento pleno do alumnado a nivel persoal e social.

- As destrezas de comprensión e expresión son transversais a todas as áreas de coñecemento, máis alá das puramente lingüísticas, de xeito que o traballo destas habilidades repercutirá na totalidade das materias curriculares.

- A aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, polo que estes contidos, procesos e estratexias serán igualmente trasladables ás restantes linguas estudadas polo alumnado.

- O alumnado do IES Nº 1 da Estrada presenta certas carencias no referido ás competencias de comprensión e expresión, polo que resulta preciso traballar estas habilidades de forma regular e cunha maior exhaustividade que a que permiten as horas lectivas fixadas para cada nivel educativo.

- Fomentar o uso do rexistro formal en galego, xa que a pesar de ser galegofalante nunha alta porcentaxe, o alumnado está instalado nos usos orais coloquiais.

Por último, en relación á metodoloxía, a presente proposta debe entenderse dende o enfoque comunicativo, que ten como obxecto o fornecemento das ferramentas precisas para empregar a lingua en diferentes contextos comunicativos. Para lograr os obxectivos detallados anteriormente, propónse dedicar unha hora semanal fixa ao traballo exclusivo das competencias de comprensión e expresión a partir de lecturas tanto de ficción como de textos informativos e divulgativos. Nesta sesión semanal propoñeranse diferentes actividades destinadas á comprensión e, nalgún caso, á produción escrita e oral de textos, co obxectivo de que o alumnado poida traballar regularmente estes contidos de forma supervisada e individualizada.

Para isto, partírase dunha metodoloxía activa, na que o alumnado se sitúe no centro do proceso de ensinoaprendizaxe e a persoa docente se converta en guía do devandito proceso. Ademais, este enfoque permitirá conectar as actividades cos intereses do alumnado (por exemplo, a través das temáticas tratadas nos textos), fomentando así a súa motivación, o que constitúe a base da aprendizaxe significativa.

Finalmente, fomentárase tamén a autoavaliación e a coavaliación, o que permitirá un exercicio de reflexión que resulta de grande interese á hora de adquirir e asimilar as competencias traballadas.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. A Coruña: Baía Edicións
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). Nova gramática do português contemporâneo de acordo com a nova ortografía. Rio de Janeiro: Lexikon Editora Digital.
Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Vigo: Xerais
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Vigo: Xerais
Fernández Fernández, Isaac (2010). Dicionario galego-euscaro, euskara-galiziera. Vigo: Universidade de Vigo
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Vigo: Galaxia
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Vigo: Xerais
Frías Conde, Xavier (2022). O escáncer que sabía de máis e outras micropezas. Barcelona: La vaca voladora
Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Vigo: Xerais
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Vigo: Xerais
López Viñas, Xoán; Lourenço Mória, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Novo Folgueira, Paulino (1999). Dicionario de uso para a comunicación. Vigo: Xerais
Aulas Galegas: <a href="https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/">https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/</a>
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais
A historia da Banda Deseñada galega ( <a href="http://culturagalega.gal/noticia.php?id=16710">http://culturagalega.gal/noticia.php?id=16710</a> )
Vilagrasa Grandia, Albert (2018). A punt 1. Publicacions de l'Abadia de Montserrat. Bastons Vilallonga, Núria, Bernardó Fernández, Cristina, Comajoan Colomé, Llorenç (2011). Gramàtica Pràctica del catalá. Barcelona:Teide
Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <a href="https://rinoceronte.gal/dicionario/">https://rinoceronte.gal/dicionario/</a>
Dicionario de pronuncia da lingua galega: <a href="http://ilg.usc.es/pronuncia/">http://ilg.usc.es/pronuncia/</a>
Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <a href="http://www.portaldaspalabras.org/">http://www.portaldaspalabras.org/</a>
Portal da Lingua Galega, Secretaría Xeral de Política Lingüística: <a href="https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega">https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega</a>
Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <a href="http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg">http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg</a>

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. En resumo, o centro dispón de:

- Medios audiovisuais: ordenadores, pantallas dixitais, canón, impresoras, tablets...
- Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a diversos portais da lingua (Portal da lingua galega, Portal das palabras), blogs, aplicacións etc.
- Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas, mapas etc.

Ademais, débese contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións. Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de cada curso e coa finalidade de adecuar o ensino da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizaremos unha avaliación inicial, que será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

A avaliación inicial será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

A avaliación inicial constitúe o factor preventivo por excelencia na atención á diversidade en xeral, e na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, en particular. Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado. Seguiremos, en todo caso, as directrices que establezan o Departamento de Orientación, a Xefatura de Estudos e a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Para a realización da avaliación inicial poderanse empregar algúns dos seguintes procedementos e instrumentos:

- Realización de probas escritas nas que se obteña información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Estas probas poderán incluír os seguintes criterios de avaliación:

- \* Apreciación da capacidade de comprensión lectora (destacar as ideas fundamentais dun texto, ou resumilo).
- \* Valoración da capacidade de expresión escrita (redactar un texto acorde a unhas determinadas instrucións).
- \* Valoración do coñecemento da lingua (localizar nun texto distintas clases de palabras, xustificar a acentuación de determinadas palabras do texto, explicar o significado dalgunhas palabras...).
- \* Valoración da capacidade para relacionar os coñecementos de lingua e sociedade con situacións da vida real (por exemplo, explicar se as linguas que se falan en Galicia se atopan en situación de igualdade).
- \* Valoración da comprensión e o interese polas expresións culturais (por exemplo, expoñer os sentimentos e emocións que transmite un poema, recoñecer recursos literarios etc.).
- \* Valoración do interese e agrado polo estudo e a lectura.

- Probas de comprensión e expresión oral.
- Cuestionarios de actitudes e intereses.
- Análise dos informes finais individualizados do alumnado na etapa ou curso anterior.
- Información obtida a través da persoa titora e do profesorado que impartiu a materia no curso anterior, e especialmente a comunicada polo Departamento de Orientación sobre alumnado con dificultades de aprendizaxe.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:



Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	75	70	70	70	65	65	65	70	50	<b>67</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	25	30	30	30	35	35	35	30	50	<b>33</b>

### Criterios de cualificación:

Co obxectivo de establecer criterios comúns á hora de avaliar o alumnado, este departamento decidiu propor as seguintes porcentaxes nos criterios de avaliación:

a) 70% da cualificación total: probas escritas sobre procedementos e conceptos tanto de Lingua como de Literatura. Realizaranse, cando menos, dúas por trimestre.

b) 20% da cualificación total: a súa valoración dependerá, en cada avaliación, dos criterios de que dispoña cada docente segundo o traballo desenvolvido; é dicir, non sempre será posible ter en conta todo o que a seguir se enumera. En todo o caso, teñen cabida:

- Textos escritos e orais.
- Traballos encomendados polo profesorado e entregados dentro do prazo.
- Controis puntuais (con ou sen aviso previo).
- Traballos sobre expresión oral.
- Seguimento do alumnado, a partir da seguinte escala de estimación:
- Realización das tarefas cando llas demanda o profesorado.
- Seguimento das instrucións académicas.
- Participación activa na aula.
- Preguntas pertinentes e consulta das dúbidas.
- Control do caderno, que recolle as actividades de aula.
- Respecto pola súa quenda e intervención na aula de xeito oportuno.
- Traballo en grupo cos compañeiros e compañeiras.
- Trae o material, é coidadoso/a con el, arquívao e presenta debidamente os seus escritos.

Á hora de avaliar as probas escritas dos apartados a) e b) terase en conta a corrección na expresión: presentación, ortografía, puntuación, acentuación, redacción... Os erros poderán descontar ata un máximo de 2 puntos sobre a cualificación global. O cálculo levarase a cabo segundo a seguinte clasificación:

- Moi graves: solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego, como tempos compostos, mala colocación dos clíticos, etc. Descontaranse 0,2 puntos por cada un.
- Graves: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y, etc.) e acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 punto por cada un.
- Leves: solucións galegas alleas ao estándar vixente e acentuación non diacrítica. Descontaranse 0,05 puntos por cada un.

c) 10% da cualificación total: lecturas comúns e voluntarias.

Dado que o fomento da lectura aparece como un dos obxectivos básicos deste departamento, as lecturas voluntarias realizadas por alumnos e alumnas ao longo do curso computaranse sempre en positivo, é dicir, computará positivamente realizar lecturas non obrigatorias, pero non se penalizará o feito de non realizalas.

Queda a criterio do profesorado o tipo de proba ou de seguimento que se realice para verificar se a obra foi lida polo alumnado (club de lectura, proba escrita, traballo...).

Ademais, en relación ao apartado b), e seguindo na liña da didáctica común para todas as linguas do centro, poderemos utilizar o modelo de rúbrica común a outros departamentos de linguas (vid. Anexos da Programación no apartado do Departamento de Lingua galega na páxina web do IES), como criterio de corrección para certas tarefas da clase, mediante a cal obteremos unha valoración individualizada para os estándares de aprendizaxe. Este modelo de rúbrica pode ser modificado por calquera compoñente do departamento para adaptalo ás valoracións concretas que precise rexistrar no seu traballo docente. En calquera caso, esta rúbrica, ou outra similar feita para avaliar unha tarefa concreta, só será utilizada naqueles casos en que a profesora encargada o valore conveniente.

A nota trimestral resulta da media ponderada dos diferentes instrumentos de avaliación. A primeira avaliación terá un peso do 30%, a 2ª avaliación tamén do 30% e a 3ª avaliación do 40%.

Para aprobar a materia é condición previa a contnuidade no esforzo: a avaliación fnal é produto do traballo de todo o curso ao se tratar dunha avaliación continua. A nota final é o resultado da media ponderada das tres avaliacións -30%

(1ª aval.) + 30% (2ª aval.) + 40% (3ª aval.)-, ou, no caso de estaren suspensas, das súas recuperacións, e sexa igual ou superior a 4.50 p.

### **Criterios de recuperación:**

Dado que os contidos son progresivos e, xunto coas capacidades e actitudes, se combinan no desenvolvemento das competencias, a avaliación sumativa e continúa debe incidir na recuperación cando non sexan superados. Polo tanto, seguirase o seguinte procedemento para a súa recuperación con aquel alumnado que non supere a materia en cada unha das avaliacións trimestrais:

- Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado tratando de garantir a obtención dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- Os contidos poderán recuperarse a través da entrega de traballos e de boletíns de exercicios de reforzo que o profesorado crea oportunos traballar para obter o aprobado, así como por medio da mellora de traballos que foron cualificados negativamente.
- O/a alumno/a que suspenda os libros de lectura obrigatoria (10% da nota trimestral) poderá recuperalos ben a través dunha tarefa de tipo creativo ou de investigación relacionada coa lectura ben por medio dalgunha pregunta referida á lectura incluída na proba de recuperación, que computará un 10%, que é a porcentaxe de cualificación correspondente ás lecturas.
- Aquel alumnado que no mes de xuño non teña superada a materia tras o plan de recuperación trimestral e continúo descrito anteriormente realizará unha recuperación final daquelas partes non superadas ao longo do curso, que consistirá nunha proba escrita previa á avaliación final. Dita proba terá un valor relativo ao daquelas partes que se deban recuperar e, posteriormente, será sumada ás partes xa superadas no 100% na avaliación final. Considerarase que un alumno ou alumna superou a materia cando a nota media ponderada das tres avaliacións, cos seus respectivos plans de recuperación, sexa igual ou superior a 4.50 p.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Como método de traballo, coa coordinación do xefe de departamento, cada docente se ocupará das materias pendentes do alumnado ao que imparta clase. O/a docente determinará a cualificación obtida polo alumno/a en cada avaliación e tamén na final. Desta forma o seguimento do alumnado é máis intenso e as posibilidades de recuperación das materias pendentes máis altas.

O alumnado deberá realizar un plan de traballo, fichas, que o xefe de departamento lle dará a cada alumno/a e tamén deberá presentarse aos exames que para materias pendentes establece o centro. Para a elaboración desas probas o departamento terá en conta os contidos mínimos da materia nos seus respectivos niveis.

Cada alumno/a recibirá un plan de recuperación, no que se lle indica as tarefas que deberá facer.

O profesor/a da materia ou o xefe de departamento preguntarlles periodicamente sobre o ritmo de realización e as dúbidas que poidan xurdir, co fin de resolvelas. Trátase de levar un control periódico do traballo coa materia. Este procedemento complétase co seguimento que cada profesor do curso superior poida facer da materia pendente nos alumnos/as respectivos.

#### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

O traballo das tarefas contará un 30% da nota global. O prazo de entrega coincidirá coa data oficial da proba. O exame contará un 70% da nota global. Unha vez realizada a media ponderada de tarefas e proba escrita, poden darse os seguintes casos:

1. Alumnado coa materia pendente superada: considerarase que un alumno ou alumna superou a materia pendente cando a nota media sexa igual ou superior a 4.50 p.
2. Alumnado coa materia pendente non superada: considerarase que un alumno ou alumna non superou a materia no curso ordinario cando a nota media sexa inferior a 4.50 p. Neste caso, ofertarase unha última proba global, previa á avaliación final, ao alumnado que non lograse recuperala. Dita proba terá un valor do 100% na avaliación final.

#### **DOCUMENTACIÓN COA INFORMACIÓN SOBRE O SISTEMA DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE: ATENCIÓN DE PENDENTES**

O Departamento de Lingua galega e Literatura ponse a disposición do alumnado coa materia pendente a través do profesorado de referencia do curso actual. O profesorado buscará o momento máis adecuado para atender o alumnado que o requira.

O alumnado e familias deberán asinar un escrito mediante o que acreditan coñecer os requisitos para aprobar a materia pendente.

Os pais/nais e/ou titores/as legais serán informados da evolución académica dos seus fillos/as, a través dos boletíns



das avaliacións do curso actual. Esta cualificación será, polo menos, numérica, mais poderá ir acompañada dun informe do profesor/a de referencia.

O Departamento, a través do titor ou titora, entregará ao alumnado coa materia pendente, entre outubro e principios de novembro, a seguinte información e documentación:

- Criterios de avaliación de pendentes.
- Actividades de pendentes.

Acuse de recibo que deberá ser asinado polo alumnado coa materia pendente e polo pai, nai ou titor/a legal. O documento será o seguinte:

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Curso académico 2023-2024

O/A alumno/a \_\_\_\_\_ coa(s) materia(s) pendente(s) de \_\_\_\_\_ (nivel/ niveis) foi informado/a polo/a seu/súa profesor/a actual \_\_\_\_\_, sobre os requisitos para aprobar a(s) materia(s) pendente(s).

Asinado:

A Estrada, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

ACUSE DE RECIBO

O pai/nai/ titor/a legal do alumno/a \_\_\_\_\_ coñece os requisitos para aprobar a materia(s) pendente(s) de Lingua Galega e Literatura.

Asinado:

A Estrada, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade na ESO estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

Os e as docentes desenvolverán e complementarán, de ser o caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas pola consellería con competencias en materia de educación, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa, coa finalidade de atender todo o alumnado. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais (espectro TEA...), por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidos en cada etapa para todo o alumnado.

A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexeráse polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo. A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizaranse do xeito máis temperán posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Correspóndelle á Consellería con competencias en materia de educación establecer as condicións de accesibilidade e deseño universal, e os recursos de apoio que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, e adaptar os instrumentos e, de ser o caso, os tempos e os apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.

O profesorado, igualmente, seguirá os protocolos de atención á diversidade establecidos, por exemplo, na realización de probas.

A coordinación co departamento de orientación e profesorado de apoio e reforzo será fundamental para a consecución dos obxectivos do curso.

As medidas concretas de atención á diversidade que afectan neste curso escolar ao Departamento de LGL son as seguintes:

- Adaptacións curriculares á espera do que se determine na xunta de Avaliación Inicial.
- Seguimento do protocolo para o alumnado con NEE, nomeadamente o TDHA.
- Aínda que neste curso os Reforzos de lingua van ser impartidos polo Departamento de Inglés, a coordinación

será continua, tratando de acordar criterios, non só no relativo á materia que vai ser impartida e á súa distribución, senón que se consensuará metodoloxía e materiais empregados.

A distribución do alumnado foi realizada tendo como criterio único o equilibrio no nivel competencial do alumnado. Das incidencias ou modificacións que se poidan producir ao longo do curso darase conta nas Actas de Reunión de Departamento.

A materia impartida nos grupos de reforzo terá como referencia a materia impartida no grupo de referencia, pero contará con maior liberdade para poder paliar necesidades básicas de lecto-escritura que non poden ser traballadas na aula convencional.

No tocante ao alumnado con Trastorno de déficit de atención e hiperactividade, tomaranse as seguintes medidas educativas:

- Localización da alumna ou do alumno na aula. Considérase que o alumnado con TDAH debe estar sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda, na medida do posible. Este curso, debido á situación de pandemia, o alumnado foi colocado por orde alfabética e valorárase na avaliación inicial a pertinencia ou non de realizar cambios tendo en conta as necesidades deste tipo de alumnado.

- Exames ou probas escritas con tratamento diferenciado:
  - Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
  - Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución ou fragmentar o exame.
  - Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.
  - Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.
  - Material de reforzo e/ou ampliación para o alumnado que o precise.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comunicación audiovisual		X	X				X	
ET.2 - Competencia dixital			X	X	X		X	
ET.3 - Emprendemento social e empresarial								
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico				X				X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X			X				
ET.6 - Igualdade de xénero					X			
ET.7 - Creatividade	X	X					X	X

	UD 9
ET.1 - Comunicación audiovisual	
ET.2 - Competencia dixital	X
ET.3 - Emprendemento social e empresarial	X

	UD 9
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	
ET.6 - Igualdade de xénero	
ET.7 - Creatividade	

#### Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 2º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Celebración de efemérides	25N e 8M, Día da Paz-Castelao, Día de Rosalía, Día do Libro, Correlingua, Día da Lusofonía, Semana das Letras Galegas, Festa das Palabras, Revista Viva	X	X	X
Gravación de programas de radio	O alumnado acode en pequenos grupos á Emisora Municipal Radio Estrada para colaborar co programa "Recunchos da Llingua", que se grava e emite ao vivo todos os sábados do curso.	X	X	X
Visita ao Museo Provincial de Lugo	Visita á colección permanente do Museo Provincial de Lugo e participación na actividade "Contos no Museo"		X	

#### Observacións:

Cómpre ter en conta que todas estas actividades teñen relación directa coa materia, polo que non se considerarán nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro.

O número de actividades complementarias programadas non excederá das cinco en todo o curso, unha ou dúas por trimestre. As que se desenvolven fóra do centro, contarán co permiso por escrito da nai, do pai ou das/os titoras/es legais e deberán figurar na PXA do centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
6. Impartíuse a clase de forma amena, con explicacións claras e exemplificacións sinxelas e comprensibles.
9. Fíxose un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
12. Axustáronse as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa secuenciación.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, criterios de avaliación, contidos e os mínimos de consecución.
14. Utilizáronse procedementos, criterios e instrumentos de avaliación adecuados.
19. Analizáronse as cualificacións do alumnado e valoráronse as porcentaxes de aprobados e suspensos na materia.
21. Corrixíronse as probas no prazo establecido, e analizáronse e comentáronse posteriormente na aula.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
<b>Metodoloxía empregada</b>
8. Procurouse a actualización profesional, tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro (atención domiciliaria, hospitalización etc.), a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas, tanto culturais como de procedencia.
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
<b>Clima de traballo na aula</b>
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
4. Mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos.
17. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, valorando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das fillas ou fillos.
Outros
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.

### Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoráranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso. Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior.

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias

-Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos

-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para superar a materia

-Medidas de atención á diversidade

-A concreción dos elementos transversais

-As actividades complementarias

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica

En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os

seguintes apartados:

-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.

-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

-Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.

-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

-Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.

-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.

-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

-Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Consegue acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.

2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.

3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.

4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.

5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.

6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.

7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).

8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.

9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....

10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.

11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .

12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.

13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recollen todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos inclúiranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

## 9. Outros apartados

### 1. Composición do Departamento de lingua galega e literatura

Profesorado que compón o departamento, guncións e materias impartidas:

- Román Cerqueiro Landín (Xefe do Dpto. de Lingua galega e Literatura): Lingua Galega 2º ESO A e B e 4º ESO A e B. Lingua Portuguesa 3º e 4º ESO. Membro do EDLG e do Equipo da Biblioteca.

- Beatriz Quintela Rúa (Dpto. Lingua galega e Literatura): Lingua Galega 3º ESO A e B. Lingua Portuguesa 1º e 2º ESO. Dirección. Membro do EDLG e do Equipo da Biblioteca.

- Mónica Mato Bustelo (Xefa do Departamento de Francés): Lingua Galega 1º ESO B. Coordinadora do EDLG. Membro do Equipo da Biblioteca.

- Rosario Blanco Gómez (Xefa do Departamento de Xeografía e Historia): Lingua Galega 1º ESO A. Membro do Equipo da Biblioteca.